



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE RÁBADE PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RÁBADE

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O día 1 de setembro de 2008 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 23 de xullo de 2008, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Rábade. Por sentenza núm. 3602/2015, do 15 de xullo de 2015, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, declarouse a nulidade de pleno dereito da dita orde, así como tamén a do mencionado plan xeral, por infracción do artigo 25.4 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, que dispón:





As Confederacións Hidrográficas emitirán informe previo, no prazo e nos supostos que regulamentariamente se determinen, sobre os actos e plans que as Comunidades Autónomas teñan de aprobar no exercicio das súas competencias, entre outras, en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, espazos naturais, pesca, montes, regadíos e obras públicas de interese rexional, sempre que tales actos e plans afecten o réxime e aproveitamento das augas continentais ou aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, tendo en conta para estes efectos o previsto na planificación hidráulica e nas planificacións sectoriais aprobadas polo Goberno. Cando os actos ou plans das Comunidades Autónomas ou das entidades locais comporten novas demandas de recursos hídricos, o informe da Confederación Hidrográfica pronunciarase expresamente sobre a existencia ou inexistencia de recursos suficientes para satisfacer tales demandas. O informe entenderase desfavorable se non se emite no prazo establecido para o efecto..."

Estima a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que a omisión dun informe que a Lei de Augas configura como preceptivo e vinculante obriga a considerar que se infrinxiu no procedemento de elaboración do Plan xeral de Rábade un trámite esencial determinante da súa nulidade.

Dende a publicación da sentenza o urbanismo no concello de Rábade volta a rexerse pola que foi a última normativa urbanística e vixente, o Plan xeral de ordenación urbana aprobado o 29 de decembro de 1977. Por este motivo, o novo instrumento de planeamento deberá adaptarse ao disposto na actual Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 1/2019, do 21 de abril, de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbanas, na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

O artigo 25 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro) posibilita a tramitación





anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2021.

Este convenio tramítase ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29/11/2000) e do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29/10/2001), respectivamente. A citada orde posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo II, IV, VI, VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello da Xunta, na súa reunión do 20 de novembro de 2020, aprobou o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, polo que, para os efectos da tramitación deste acordo, resulta de aplicación o establecido na dita orde, quedando condicionada a execución dos compromisos derivados deste acordo á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Rábade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024.





4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Rábade, para a redacción do plan xeral de ordenación municipal.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do plan xeral de ordenación municipal co obxecto de que o municipio de Rábade dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

María Encarnación Rivas Díaz

